



## DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.:

**Expediente electrónico:** 2024/C004/000004

**Tipo de contrato:** servizos

**Importe:** 70519,1 €

**Servizo:** Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025

**Asunto:** aprobación inicio de expediente contratación

**Departamento:** Contratación, adxunto a secretaría

**Código de servizo.:** 2024/C004/000004

Logo de ver o expediente que se tramita para a contratación deste servizo:

**Procedemento:** Contrato de servizos mediante procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

**Expediente:** 2024/C004/000004

**Documento:** Decreto de inicio

**Órgano de contratación:** a alcaldía

**Asinantes:** alcalde-secretaria xeral

**Aprobación do inicio da contratación:** Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025

Características do contrato que se pretende executar:

**Procedemento:** Contrato de servizos mediante procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

Tipo de contrato: servizos

Obxecto: **Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025**

Tramitación: Ordinaria

Código CPV: 92000000-1 Servizos de espaxemento, culturais e deportivos

92600000-7 Servizos deportivos

Valor estimado do contrato: 58280,25 € (IVE excluído)

IVE (21 %): 12238,85 €



Orzamento base da licitación: 70519,10 € (IVE incluído)

Lugar de execución: instalacións no municipio que constan no PPT.

Duración da execución:

<b>Prazo de execución</b>	<p>O prazo de execución do servizo abranguerá o período comprendido entre os meses de setembro de 2024 e maio de 2025. A data estimada de inicio é o 16 de setembro, e a de finalización o 31 de maio.</p> <p>O prazo contarase desde o día seguinte ao da formalización do contrato ou desde a data fixada no documento contractual.</p>
<b>Prórroga</b>	Non se prevé

### Prezo do contrato

A contía máxima de 70.519,10 € desagrégase da seguinte maneira:

Obxecto	Prezo/hora con IVE	Nº horas estimadas do contrato	Valor estimado	IVE (21 %)	Orzamento base de licitación
Actividades deportivas	27,5 Euros (27,503 Euros)	2.564	58.280,25 Euros	12.238,85 Euros	70.519,10 Euros

  

Anualidade	Prezo/hora con IVE	Nº horas anuais estimadas	Valor estimado	IVE (21 %)	Orzamento base de licitación
<b>2024</b>	27,5 Euros (27,503 Euros)	1.120	25.457,84 Euros	5.346,14 Euros	30.803,98 Euros
<b>2025</b>	27,5 Euros (27,503 Euros)	1.444	32.822,41 Euros	6.892,71 Euros	39.715,12 Euros

Custos salariais: 47.975,00 Euros  
Seguros: 1.000,00 Euros  
Total custes directos: 48.975,00 Euros  
Gastos xerais (13%): 6.366,75 Euros  
Beneficio industrial (6%): 2.938,50 Euros  
Valor estimado: 58.280,25 Euros  
IVE (21%): 12.238,85 Euros  
Orzamento base de licitación: 70.519,10 Euros

### Non división en lotes

Aínda que se poderían establecer lotes por prestacións, ao tratarse todas as posibles prestación a realizar de actividades deportivas, considérase máis eficaz que non se divida en lotes, para o fin de evitar problemas de coordinación do servizo, quedando xustificado, polo tanto, así como a necesidade de utilización de espazos municipais coordinadamente, unha pluralidade de contratistas diferentes dificultaría a correcta supervisión do mesmo, de conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP



Logo de ver as características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática).

E de ver a documentación incorporada ao expediente, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO:**

**1.-** Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

**2.-** Xustificar a celebración do contrato polos motivos que se relacionan na memoria xustificativa incorporada ao expediente, quedando acreditado que a contratación mediante un contrato de servizos é a forma máis idónea e eficiente realizar os fins do concello.

**3.-** Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación. O prego de prescricións técnicas xa consta no expediente ao igual que a retención de crédito, que acredita que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta celebrar este contrato.

**4.-** Redactados os pregos de cláusulas administrativas particulares, emítanse estes informes:  
- da secretaría xeral, os informes que a lei asigna aos servizos xurídicos expediraos o secretario. Será tamén preceptivo o informe xurídico do secretario na aprobación de expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas, mantemento do equilibrio económico, interpretación e a resolución dos contratos, segundo a disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP.  
- o de fiscalización pola intervención municipal, ao abeiro disposición adicional terceira, apartado 3 da LCSP.

**5.-** Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira  
(Documento que se asina electronicamente)

Dou fe  
A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada